



ROJAS SAMPEDRO, A. (2025). *Igrexa comprometida e educación sociocomunitaria en Galicia 1965-1985*. Pontevedra: Editorial SEPT, 343 pp. ISBN: 978-84-7337-076-9.

Estes grupos, inspirados nas primeiras comunidades cristiás, estaban formados por aqueles que se atopaban na parte inferior da escala socioeconómica e que constituían a base da Igrexa. Perseguían unha forma de vivir a fe máis aberta e participativa, e amosaban a súa preocupación pola xustiza social e a acción comunitaria, especialmente en áreas deprimidas e entre grupos marxinados. Enfocaban a súa praxe na oración e lectura compartida da Biblia e a toma de conciencia individual —aínda que tamén desde a actividade política— para

transformar a súa realidade de xeito colectivo na construción dun novo modelo de sociedade.

En América latina, con extensión a África e Asia, tiveron un forte arraigo a partir da Teoloxía da liberación en estreita conexión cos postulados da *Pedagogía do oprimido* de Paulo Freire. Promoveron a alfabetización e a formación humana mediante a ‘concientización’, e desde esa perspectiva, aplicaron unha lectura crítica do mundo a través da revisión interpretativa do Evanxeo. Perseguían, en fin, a solución aos problemas da comunidade mediante o compromiso na loita pola xustiza e a dignificación vital a favor dos ‘excluídos’, seguindo coa terminoloxía freireana.

Como xa se apuntou, estes movementos máis progresistas da Igrexa católica víronse favorecidos, ademais, polos novos aires de apertura e de reconciliación co mundo moderno que trouxo o espírito do concilio Vaticano II e que axudaron a impulsar aos sectores da Igrexa máis comprometidos cos seus fregueses no ámbito teolóxico e no pastoral, pero tamén no cultural, no social e no político.

En Galicia, ao tempo que no resto do estado español, este movemento veu coincidir coa renovación de parte do clero que xa non pertencía á xeración da guerra civil e o primeiro franquismo, e que se atopaba cada vez máis distanciada ideoloxicamente do nacional-catolicismo reaccionario adoptado pola Igrexa tradicional. Este cambio viuse manifestar abertamente a partir dos anos cincuenta, nun

contexto exterior de avances socioeconómicos, que coincide no interior coa aparición de diversos movementos políticos implicados na loita anti-franquista, aínda que localizados en limitados sectores urbanos —que en parte gardaban a memoria do que significaba o liberalismo democrático— e algúns reducidos enclaves labregos e obreiristas.

Fronte á Igrexa tradicional, que malia contadas excepcións estivo aliñada co Réxime en todos os espazos de convivencia, este clero máis mozo, formado por relixiosos e relixiosas, comezou a manifestar unha maior consciencia sobre os crecentes desequilibrios sociais e a expresar certo malestar coa situación socio-política do país. E veu adoptar no seu traballo pastoral unha nova cultura nas relacións sociais cos seus fregueses, máis horizontal e participativa, a quen consideran suxeitos activos dos cambios socio-culturais e políticos. Deste modo, a base da acción evanxelizadora tradicional ligada á concepción caritativa e a resignación inmobilista ante a ‘vontade divina’, deu paso a un novo modo de entender o labor da Igrexa, isto é, a toma de conciencia favorecedora de cambios individuais e colectivos ante a situación de inxustiza estrutural e a inacción e falta de planificación do Estado. Unha inacción que se padecía nos barrios e poboados de chabolas levantados nas grandes cidades, produto do aluvión migratorio interior, como tamén na atrasada Galicia rural, tanto interior como mariñeira. Era un novo modo

de entender o labor da Igrexa, que mantiña na súa base o compromiso de transformación do mundo acorde cos valores iniciais do Evanxeo.

E así naceron diversas asociacións católicas especializadas por ambientes —a Irmandade Obreira de Acción Católica, a Xuventude Obreira de Acción Católica ou Xuventude Universitaria de Acción Católica (máis tarde Xuventude Estudante Católica)— que actuaron como contrapeso fronte algúns axentes de socialización do propio Réxime, como a Organización Sindical Española, a Organización Juvenil Española, a Frente de Juventudes ou o Sindicato Español Universitario, entre outros instrumentos de control ideolóxico.

Deste modo, os cregos e monxas que dinamizaron estes movementos especializados, ademais de interesarse polo culto ou pola catequese e polos problemas aos que tiñan que facer fronte nas súas parroquias e comunidades, preocupáronse tamén pola realidade socio-económica dos seus fregueses. Neste sentido, a cultura da acción caritativa tradicional identificada co crego-cacique deu paso á do catolicismo social, na figura do relixioso ou relixiosa comprometidos e militantes que reivindicaban a promoción da clase obreira e a xustiza social, o avance en reformas estruturais na orde económica, a promoción de valores cívicos e democráticos no plano político, ou a defensa da identidade e dos intereses do mundo rural galego no eido cultural.

E o compromiso amosado por esta parte da Igrexa —cómpre salientar que moitos deles, ademais do seu labor pastoral eran obreiros asalariados en fábricas e empresas e exercían a militancia política en determinadas organizacións— viuse reflectido de diversas formas: no apoio e a participación directa en numerosas folgas e manifestacións; na cesión de locais como sede ou almacén de partidos políticos para reunións e actividades moitas veces clandestinas; na cesión ou préstamo de variada infraestrutura para a difusión de propaganda política ou sindical como máquinas de escribir, multcopistas (popularmente *vietnamitas*), fotocopadoras, etc.; ou servindo de refuxio para persoas vinculadas a organizacións políticas como a UPG, o PCG, o FRAP, a ETA. En moitas ocasións, incluso, actuando como plataformas organizadas, como foi o caso de Cáritas de Ferrol.

Non se debe esquecer tamén o compromiso dunha parte importante destes cregos co galeguismo na súa reivindicación a prol da lingua e a cultura galegas, na liña de conseguir unha Igrexa máis próxima ao seu pobo. Esta sensibilidade galeguista deu lugar a diversas iniciativas, como os sucesivos Coloquios Galegos de Parroquias, a fundación da editorial SEPT (1966), as revistas *Encrucillada* (1977) ou *Irimia* (1981), ou a Escola de Formación Social de Vigo (1975).

Por outro lado, a vinculación deste labor pastoral cunha teoloxía comprometida cos

problemas sociais, económicos e políticos e en boa lóxica identificada cun anti-franquismo militante, provocou diversos conflitos entre esta parte da Igrexa e o Réxime, o que levou a accións que pasaron da simple intimidación ás multas, os rexistros, as detencións ou os procesamentos por parte do Tribunal de Orden Público, sendo especialmente notorio o caso de Moncho Valcarce, coñecido como o *cura das Encrovas*. Ademais, tamén se deron enfrontamentos entre diferentes sensibilidades no propio seo da Igrexa, onde destacaron as posturas progresistas dos bispos Fernando Quiroga Palacios (Santiago de Compostela) ou Jacinto Argaya (Mondoñedo-Ferrol) fronte ás máis conservadoras de Ángel Temiño (Ourense) ou José López Ortiz (Tui-Vigo); ou máis adiante Miguel Ángel Araújo Iglesias ou José Delicado Baeza (Tui-Vigo) fronte a Ángel Suquía Goicoechea (Santiago de Compostela).

Este compromiso socio-político que asumíu o clero progresista galego, no que afonda *Igrexa comprometida e educación sociocomunitaria en Galicia 1965-1985*, é o resultado da Tese de doutoramento dirixida con acerto polos profesores Antón Costa e Belén Caballo —cuxa pegada se deixa recoñecer no texto—, que Antonio Rojas Sampedro defendeu en 2022 na Facultade de Ciencias da Educación da USC. Recolle, na liña do que acabamos de expoñer, un estudo profundo e documentado sobre os procesos de educación social e de desenvolvemento comunitario encabezados por

aqueles sectores da Igrexa máis avanzados e renovadores. Sectores que foron emerxendo no contexto galego, desde o fin do Vaticano II ata o principio dos anos oitenta do século XX, cunha notable transcendencia, naquel tempo, como dinamizadores sociais na construción dunha sociedade máis democrática, mediante accións ligadas máis concretamente á educación socio-comunitaria.

Estes procesos de educación social e popular desenvolvidos durante eses anos no país, e que aquí se recollen, centráronse na alfabetización de adultos, no fomento da escolarización de minorías marxinadas, nos diversos apoios á escolarización mediante clases nocturnas para traballadores e traballadoras, ou na formación no ámbito sindical, no dereito e asesoría laboral, etc., e que levaban parello o obxectivo de espertar unha conciencia galega e tamén de clase, acorde coa súa misión evanxélica. No seu conxunto, forman a base epistemolóxica do traballo de Rojas Sampedro, un traballo baseado nunha completa revisión historiográfica e documental que se enriquece cunha ampla galería de testemuños vivos, protagonistas directos na súa meirande parte, e que representan unha rica fonte informativa para completar a análise destes procesos que axudaron á construción da sociedade democrática galega.

Igrexa comprometida e educación sociocomunitaria en Galicia 1965-1985 está estruturada en varios apartados que encabeza

«Limiar, un deber da memoria», ao que segue a «Introdución. Trama social do noso presente: sabendo de nós» onde se recolle o estado da arte («Estado do coñecemento e relevancia da cuestión», así como aspectos de carácter metodolóxico sobre a investigación realizada en «Sobre a metodoloxía e orientación de análise»). Segue un aparato teórico que aborda con carácter xeral aspectos conceptuais sobre «Educación popular e Animación sociocultural».

A continuación, unha revisión do contexto histórico e do papel da Igrexa en Galicia en «O tempo do franquismo», dividida en dous apartados: «Entre o sometemento e as primeiras manifestacións de conflitividade social» e «O impulso do Concilio Vaticano II: Educación social e Igrexa comprometida».

A seguir, o que podemos considerar o núcleo da investigación: «Experiencias comunitarias e de educación social en Galicia», que se divide en dous apartados: «A Igrexa comprometida en Galicia» e «O territorio das experiencias e dos actores: procesos socioeducativos e de desenvolvemento comunitario» estruturado nas diferentes dioceses galegas (Mondoñedo-Ferrol, Lugo, Santiago, Tui-Vigo e Ourense) e por último «Contraste comparativo das experiencias e valoración conxunta».

Remata a obra cun apartado de «Conclusións», ao que segue a Bibliografía; un apartado de acrónimos empregados ao longo do texto; o listado das persoas informantes entrevistadas e, como remate, unha «Breve nota

sobre as persoas participantes no grupo de discusión».

O autor considera que son necesarias investigacións como a presente por parte das universidades galegas, xa sexa sobre a análise interna de propia institución relixiosa ou ben sobre o seu papel de cara a sociedade, para que esta temática poida gozar dunha maior relevancia, máis alá da que se lle veu dando ata o momento, e dese xeito, a historia relixiosa deixe de estar ancorada en ámbitos estritamente eclesiásticos e pase a estar máis presente nas investigacións sobre a historia social e cultural galega. E, neste sentido, cremos que resulta un traballo novidoso porque, malia existir algunhas aproximacións fundamentalmente relacionadas coa historia relixiosa da Igrexa galega, o que aquí se aborda é unha cuestión que non conta con antecedentes de estudo académico, como é a educación socio-comunitaria. Pero ademais, porque ven sumar un estudo rigoroso a outros xa existentes sobre procesos de educación popular e de intervención comunitaria de carácter xeral, pero faino desde tres aspectos innovadores, ao noso entender, sobre os estudos anteriores:

En primeiro lugar, pola relación que establece entre os procesos de intervención comunitaria e o protagonismo que neles tivo a Igrexa católica, máis alá da actividade pastoral ou catequética; en segundo lugar, porque malia existir xa un número significativo de estudos

sobre a presenza e intervención de sectores católicos críticos co sistema socio-político no ámbito do Estado, non son abundantes no contexto galego. Por iso, esta investigación amosa o traballo feito en Galicia por aquela parte da Igrexa máis avanzada, non só implicada cos movementos sociais, senón tamén cunha concepción comprometida coas políticas progresistas, e paulatinamente máis significada no ámbito galeguista nun tempo aínda de ditadura, suxeita a superar «non poucos obstáculos impostos por unha parte deste institución que non vía con bos ollos estes cambios».

En terceiro lugar, porque recolle unha escolma de accións educativas e de intervención social comunitaria que parten de dentro da Igrexa católica, e que dalgún modo cambian a visión sobre o paradigma tradicional da caridade cristiá e introducen o da solidariedade comunitaria nesta institución, o que tamén resulta novidoso. Ademais, pon de relevo que esta escolma de experiencias socio-educativas e de desenvolvemento comunitario foron realizadas por iniciativa individual de cregos, ou de grupos de relixiosos e relixiosas, e se levaron a cabo en comunidades no mundo rural, na periferia das cidades, ou ben nas diversas comunidades de base.

Esta compilación de iniciativas recóllese seguindo os distintos territorios que formaban parte da provincia eclesiástica de Santiago de Compostela, a partir da bibliografía consultada e

das entrevistas realizadas a diversos informantes, como era a diocese de Mondoñedo-Ferrol, Lugo, Santiago, Tui-Vigo, Ourense, e faíno, ademais, desde a metodoloxía histórico-educativa cunha orientación máis fenomenolóxica que positivista, ao contemplar que a realidade non está constituída obxectivamente á marxe da conciencia individual das persoas, xa que «a realidade» que se describe e analiza debe construírse sen perder de vista un tratamento global, atendendo aos fenómenos políticos, sociais, económicos, culturais... que tiveron lugar na época obxecto de estudo que se pretende investigar, como se recolle na abordaxe dos primeiros apartados.

Atopámonos, xa para rematar, diante dunha investigación valiosa, oportuna e rigorosa que recolle de modo innovador procesos educativos e de desenvolvemento comunitario levados a cabo nos últimos anos duros do franquismo, cuxos protagonistas foron aquela parte do clero máis novo e progresista, que ligou o seu compromiso pastoral á transformación socio-cultural e política da sociedade galega.

Xosé Manuel MALHEIRO GUTIÉRREZ

Universidade da Coruña